

# LINGUA GALEGA 1

Le o texto atentamente:

## A LADROA DE BÁGOAS

A ladroa de bágoas chegou á cidade á noitiña. Era invisible, pero se alguén ollaba cara a un charco xusto cando ela pasaba por diante, podía descubri-la reflectida nel.

Visitaba a cidade todas as noites e esperaba a que se oíse o choro dun cativo, entón coábbase na súa casa sen que ninguén a vise e collía todas as que podía.

No interior do saco, as bágoas lanzaban pequenos escintileos. As bágoas de rabia eran vermellas coma rubís. As de celos eran verdes coma esmeraldas. As de medo eran brancas coma as pedras da lúa, e as de culpa eran amarelas coma o ámbar.



A ladroa de bágoas foi de casa en casa para roubar bágoas. Ao final, o seu saco rebordaba. Cando colleu o camiño de volta, caían as últimas pingas de chuvia.

Nunha esquina, de pé baixo un farol, había unha nena. A ladroa pasou devagariño, pero de súpeto, parou en seco. Esculcou con atención as bágoas da nena: eran especiais, porque eran de auténtica tristura.

Xusto naquel intre, a nena secou os ollos e botoulle unha ollada triste a un charco que tiña diante. Entón, na auga, descubriu a cara enredante da ladroa de bágoas.

–Quen es? –preguntou a rapaza.

–Son a ladroa de bágoas.

–Ías roubar as miñas bágoas?

–Ía, si –dixo a ladroa desde o charco–. As túas bágoas son as máis preciosas que vin nunca. Valen máis que os diamantes. Cada noite roubo as bágoas de todos os nenos que choran. Cando teño o saco cheo, subo ata a lúa e verto nela todas as bágoas que apañei. A luz da lúa está feita con todos os tipos de bágoas que poidas imaxinar. Pero os seus brillos máis fermosos saen das bágoas da pura tristura, coma as túas.

–Abofé que estou triste –admitiu–. Perdín o meu cadelo.

Ao dicir estas palabras, a nena abriu os ollos e mirou o charco, pero a ladroa de bágoas xa non estaba alí, marchara.

«Guau!», oíuse de súpeto.

A nena ergueu a vista, e ao final daquela rúa, baixo unha árbore, estaba sentado un cadelo negro de peito branco. Efectivamente: o cadelo perdido corría de novo ao encontro da súa dona, zarrapicando a auga dos charcos.

Un tempo despois, a nena estaba ben arroupada na súa cama, e o can atopábase engruñado na súa cesta. Naquel intre a lúa chea resplandecía, máis grande e brillante ca nunca. Aquela era a lúa máis fermosa que vira en toda a súa vida!

A nena ergueu a mirada. Durante un breve e máxico intre, volveu ver a ladroa de bágoas, que vertía todas as bágoas do seu saco na luz da lúa. O brillo era tan intenso que as bágoas agromaron nos ollos da nena. O can bufou na súa cesta.

Na casa dos veciños, un neno acabado de nacer comezaba a chorar.



Carol Ann DUFFY: *A ladroa de bágoas* (adaptación). Ilustrado por: Nicoletta Ceccoli. A Coruña, Vicens Vives, 2012.

Lembra a lectura e contesta as preguntas:

– Cando vai á cidade a ladroa de bágoas?

---

---

– Que fai a ladroa de bágoas coas bágoas?

---

---

---

– Que clase de bágoas bota a nena? Por que?

---

---

---

– Como era a lúa aquel día?

---

---



Colorea como son as bágoas segundo se di na lectura:

rabia

celos

medo

culpa

A ladroa de bágoas é invisible. Por que a nena pode vela?

---

---

---

---

---

Se tiveses que consolar a nena que chora, que lle dirías?

---

---


---



Le o texto e rodea as comas (,):

A invisible ladroa de bágoas bota un saco prateado ao lombo cada noite, diríxese a todas as casas onde oe unha nena ou un neno chorar, róuballes as bágoas e méteas no seu saco.

As bágoas que collía eran vermellas coma rubís, verdes coma esmeraldas, brancas coma as pedras da lúa e amarelas coma o ámbar.



Escribimos unha **coma** (,) para separar as palabras dunha enumeración, e a letra **e** diante da última palabra.

Escribe correctamente as seguintes oracións:

– Hoxe comeremos sopa carne patacas filloas.

---

---

– No estoxo hai lapis rotuladores bolígrafos.

---

---

– Á festa veñen Marcos Sara Uxía Héctor.

---

---

– Temos vacacións o luns o martes o mércores.

---

---

Fonte: Editorial Vicens Vives



# LINGUA GALEGA 2

Le atentamente o seguinte texto:

## A VIDA NO DESERTO

Para as plantas é difícil vivir no deserto debido á falta de auga. As plantas do deserto teñen unhas raíces moi longas para poder coller toda a auga posible. Estas plantas tamén almacenan auga en talos anchos e nas raíces baixo terra.



### O tecolote anano

Os desertos son lugares moi calorosos e os animais que os habitan só saen pola noite. É o caso do tecolote anano que, grazas ao seu sentido do oído e á súa visión, sae cazar roedores, ratas e coellos cando anoitece.

Polo día, escóndese nos cactos xigantes, onde hai fresco.

### As "pedras vivas"

As "pedras vivas" componse de dúas follas carnosas, cheas de auga. Cando as follas son grandes, gardan suficiente auga para que as plantas poidan sobrevivir moitos meses sen chuvia.

As "pedras vivas" semellan pedras para que non as coman os animais.



### As palmeiras

As palmeiras danse ben nos oasis, que son fontes naturais de auga na sequidade do deserto.

Nos oasis, a auga pode vir de montañas afastadas e fluír baixo terra ata que emerxe á superficie no deserto.







## As plantas desérticas

Hai plantas que viven moito tempo en forma de sementes soterradas na area. Cando chove, florecen axiña e producen sementes.

Cando un cacto florece, a auga escorrega polos pétalos, por iso só florecen uns días no ano.

## Os cactos e os animais

A iguana de terra (un lagarto grande) habita zonas desérticas.

Este animal aliméntanse básicamente dos espiñentos cactos, partindo as pugas antes de chuchar os zumarentos talos.

As pugas do cacto son as súas follas. Non perden auga tan facilmente como as anchas e aplanadas.



VV.AA: "Plantas desérticas" (adaptación), en *Todo o que necesitas saber*. Vigo, Xerme Edicións, 2007.

Lembra a lectura e indica se as afirmacións son verdadeiras ou falsas:

- As plantas sobreviven facilmente no deserto.
- As plantas dificilmente sobreviven no deserto pola falta de auga.
- Os oasis son fontes artificiais de auga que hai no deserto.
- Os oasis son fontes naturais de auga que hai nos desertos.
- Os cactos teñen flores uns días no ano.
- Os cactos non teñen flores.



Sinala cales destes animais viven en desertos de xeo:



Imagina que vives no deserto. Tomarías o sol igual que o fas na praia? Por que?

.....

.....

.....

.....

Le o seguinte texto e subliña as ideas principais:

### Frío e calor: o termómetro

Na Terra hai lugares onde os raios do Sol apenas quentan e o aire é moi frío, como no Polo Norte.

Noutros lugares da Terra os raios do Sol quentan o aire e vai moita calor, como no deserto.

Para saber se vai calor ou frío utilizamos o termómetro, que mide a temperatura do aire.



Observa, relaciona e contesta:



– Onde vai máis calor? .....

– Onde vai máis frío? .....



# LINGUA GALEGA 3

Cando falamos emitimos **sons**. Os sons poden ser de dous tipos: vogais e consoantes. Ao escribir representamos os sons con **letras**. O conxunto de todas as letras dunha lingua é o **abecedario** ou **alfabeto**. O galego ten 23 letras en total: 5 vogais e 18 consoantes.

Algúns sons represéntanse con **dígrafos**.

**1** Completa cada grupo coas letras que faltan seguindo a orde alfabética.

A B \_\_\_ E

M \_\_\_ P

T \_\_\_ Z

D \_\_\_\_\_

H \_\_\_ L \_\_\_\_\_


**2** Escribe as vogais que faltan.



T \_\_\_ GR \_\_\_



L \_\_\_ B \_\_\_



B \_\_\_\_\_



\_\_\_ L \_\_\_ F \_\_\_ NT \_\_\_

**3** Clasifica as palabras anteriores segundo o número de consoantes que teñen.

1 consoante \_\_\_\_\_

2 consoantes \_\_\_\_\_

3 consoantes \_\_\_\_\_

4 consoantes \_\_\_\_\_

**4** Arrodea os dígrafos que atopas nestas palabras e completa.



queixo



formigueiro



torradora



charco



cocho



coello

Un dígrafo está formado por \_\_\_\_\_ letras xuntas que representan \_\_\_\_\_ son.

## Comproba o que fixeches:

Cando falamos emitimos **sons**. Os sons poden ser de dous tipos: vogais e consoantes.

Ao escribir representamos os sons con **letras**. O conxunto de todas as letras dunha lingua é o **abecedario** ou **alfabeto**. O galego ten 23 letras en total: 5 vogais e 18 consoantes.

Algúns sons represéntanse con **dígrafos**.

**1** Completa cada grupo coas letras que faltan seguindo a orde alfabética.

A B C D E

M N Ñ O P

T U V X Z

D E F G H

H I J K


**2** Escribe as vogais que faltan.



T I GR E



L O B O



B O I



E L E F A N T E

**3** Clasifica as palabras anteriores segundo o número de consoantes que teñen.

1 consoante

BOI

2 consoantes

LOBO

3 consoantes

TIGRE

4 consoantes

ELEFANTE

**4** Arrodea os dígrafos que atopas nestas palabras e completa.



queixo



formigueiro



torradora



charco



cocho



collo

Un dígrafo está formado por duas letras xuntas que representan un son.

## LINGUA GALEGA 4

Le atentamente:

### O RATO QUE COMÍA RATOS

Un vello rato de biblioteca foi visitar os seus curmáns, que vivían no faiado e coñecían pouco o mundo.

–Vós coñecedes pouco o mundo –diciálles aos seus tímidos parentes–, e probablemente nin sequera sabedes ler. Por exemplo, nunca comestes un gato?

–Ai, mira ti que listo. Pois aquí sonche os gatos os que comen os ratos.

–Porque sodes uns ignorantes. Eu xa teño comido máis dun, e asegúrovos que nin se queixaron.

–E a que sabían?

–A papel e a tinta, na miña opinión. Pero iso non é nada. Nunca comestes un can?

–Si, ho!

–Precisamente eu comín onte un. E vaia cairos que tiña... pois ben, deixouse comer moi quietiño, e nin se queixou.


–E a que sabía?

–A papel. E o rinoceronte, nunca o comestes?

–Ai, mira ti que listo. Nós xamais vimos rinoceronte ningún. Parécese ao queixo parmesano ou ao gorgonzola?

–Parécese a un rinoceronte, naturalmente. E nunca comestes un elefante, un monxe, unha princesa ou unha árbore de Nadal?

Naquel momento o gato, que estivera a escoitar detrás dun baúl, saíu dando un chimpopo e miañando ameazadoramente. Era un gato de verdade, de carne e óso. Os ratos saíron disparados para se agocharen no tobo, todos agás o rato de biblioteca, que coa sorpresa quedara inmóbil coma unha estatua. O gato agarrouno e púxose a xogar con el.





-Conque ti es o rato que come gatos, eh?

-Eu... Excelencia... ten que comprender... como estou sempre metido na biblioteca...

-Entendo. Que os comes en fotografía, impresos nos libros...

-De cando en vez, pero só por motivos de estudo.

-Claro. Eu tamén aprecio a literatura. E non che parece que debías estudar tamén un pouquiño de cousas de verdade? Así aprenderías que non todos os gatos son de papel.

Por sorte para o pobre prisioneiro, o gato tivo un momento de distracción ao ver como pasaba unha araña polo chan. O rato de biblioteca, dando un par de chimpos, volveu aos seus libros, e o gato tivo que conformarse con comer a araña.

Gianni RODARI: "O rato que comía gatos" (adaptación)  
en *Contos por teléfono*. Pontevedra, Kalandraka, 2011.



Cal é o final correcto destas oracións?

- Ai, mira ti que...

listo.

intelixente.

tonto.

- Os gatos sabían a...

sal e pementa.

papel e tinta.

amorodo e nata.

- O can sabía a...

queixo.

tinta.

papel.

- Era un gato de...

madeira e ferro.

carne e óso.

follas e flores.

- O rato...

deixouse comer.

agochouse.

quedou inmóbil.

- O rato volveu...

aos seus libros.

cos seus amigos.

á súa casa.

Le, fíxate nas palabras salientadas e sinala a resposta correcta:

- Despois de todo o que pasou, o rato de biblioteca **volveu** aos seus libros.

Volver emprégase en sentido literal.

Volver emprégase en sentido figurado.

- Os curmáns do rato non sabían cando **volvería**.

Volver emprégase en sentido literal.

Volver emprégase en sentido figurado.



## COMPROBA como o fixeches:

- |  |  |  |
|--|--|--|
| - Ai, mira ti que...                       | - Os gatos sabían a...                             | - O can sabía a...                         |
| <input checked="" type="checkbox"/> listo. | <input type="checkbox"/> sal e pementa.            | <input type="checkbox"/> queixo.           |
| <input type="checkbox"/> intelixente.      | <input checked="" type="checkbox"/> papel e tinta. | <input type="checkbox"/> tinta.            |
| <input type="checkbox"/> tonto.            | <input type="checkbox"/> amorodo e nata.           | <input checked="" type="checkbox"/> papel. |
- 
- |  |   |  |
|--|---|--|
| - Era un gato de...                              | - O rato...   | - O rato volveu...                                   |
| <input type="checkbox"/> madeira e ferro.        | <input type="checkbox"/> deixouse comer.            | <input checked="" type="checkbox"/> aos seus libros. |
| <input checked="" type="checkbox"/> carne e óso. | <input type="checkbox"/> agochouse.                 | <input type="checkbox"/> cos seus amigos.            |
| <input type="checkbox"/> follas e flores.        | <input checked="" type="checkbox"/> quedou inmóbil. | <input type="checkbox"/> á súa casa.                 |

- Despois de todo o que pasou, o rato de biblioteca **volveu** aos seus libros.

- Volver emprégase en sentido literal.
- Volver emprégase en sentido figurado.

- Os curmáns do rato non sabían cando **volvería**.

- Volver emprégase en sentido literal.
- Volver emprégase en sentido figurado.



Deixamos aquí un enlace con xogos para aprender sobre o autor do DÍA DAS LETRAS GALEGAS elaborado nun cole de Galicia.

ANÍMATE E PÁSAO BEN.

<https://view.genial.ly/5eb980e444b29c0d09298472/horizontal-infographic-timeline-genially-sin-titulo>

Tamén deixamos un **enlace** a un vídeo dun conto de medo da fundación Abanca. É unha historia moi interesante.

<https://www.afundacion.org/es/afundacion-en-casa/recurso/biblioteca-infantil.-audiocontos-as-terrorificas-aventuras-de-simon>